

## MEMORIA DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN da USC 2012

### 1. Publicacións da Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán:

Tal como se anunciara na memoria 2011, está no prelo o 8º dos títulos editados nesta colección. Trátase das Actas do Congreso “Valle-Inclán y las artes”, organizado por a **Cátedra** e celebrado na Facultade de Filoloxía (25-28 de outubro de 2011), do que demos conta na memoria precedente. Este volume está en proceso de maquetación, xa revisadas as primeiras probas dos 25 traballos que o integran, ademais dun CD.

En relación coa difusión da nosa colección, saíu do prelo o traballo presentado por Santos Zas no I Foro Editorial de Estudios hispánicos y americanistas, que describe a nosa colección e o seu significado: “La gestión de la memoria literaria: la *Biblioteca de la Cátedra Valle-Inclán*” (en Francisco Fernández Beltrán y Lucía Casajús (Eds.). *España y América en el Bicentenario de las Independencias. Actas del I Foro Editorial de Estudios Hispánicos y Americanistas*, Unión de Editoriales Universitarias Españolas (UNE), 21-23-abril 2010. Cadiz: Universidad de Cádiz, 2012: 207-214).

Nesta mesma liña, non é menos salientable a acollida que as publicacións da colección *Biblioteca Cátedra Valle-Inclán* seguen a ter. Así o demostran as recensións críticas da última monografía (2011), Dru Dougherty, *Iconos de la tiranía: La recepción crítica de Tirano Banderas (1926-2000)*, 2011, presentada no Congreso Valle-Inclán e as artes, que no 2012 foi reseñado por Bruce Swansey (*Anuario Valle-Inclán XII/ALEC*, 2012); Gloria Traveso (*Boletín de la Biblioteca Menéndez Pelayo*, 2012) e Misael Vergara (*La Tabla Redonda. Anuario de Estudios Torrentinos*, 2012).

Acaba igualmente de saír unha nova recensión crítica (a quinta en revista especializada) de *Todo Valle-Inclán en Roma (1933-1936): edición, anotación, índices y facsímils*, no *Bulletin of Spanish Studies* (LXXXIX/3, 2012), a cargo de Laura Lonsdale (Queen’s College Oxford).

Estes datos abundan na idea de que a nosa é una colección consolidada, con magníficas críticas e, polo tanto, con proxección cara ao futuro. Neste sentido, cómpre non esquecer que temos un compromiso por Convenio asinado cos Herdeiros Valle-Inclán/Alsina, que implica a publicación do fondo documental Legado Valle-Inclán/Alsina en formato facsimilar, que é obxectivo prioritario da **Cátedra**. Poden desaparecer temporalmente outras actividades, pero non se pode renunciar ás edicións

facsimiles cando estas estean preparadas.

## 2. Legado Manuscrito Valle-Inclán/ Alsina:

Temos que salientar unha nova aportación para o fondo documental manuscrito Valle-Inclán. Trátase da cesión do orixinal do conto “Mi Bisabuelo”, que por vontade do seu propietario, Jorge Devoto del Valle-Inclán, neto do escritor, pasará a ampliar o fondo existente, coa particularidade de que neste caso, segundo os termos do Convenio, será propiedade da USC. No mes de febreiro o propietario traerá persoalmente o manuscrito para proceder ao seu depósito. Este autógrafo foi publicado en edición facsímil como número un da *Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán*, de aí a importancia de contar agora nos seus fondos co orixinal do mesmo. Está previsto que da viaxe desde París e a estancia en Santiago de Jorge Devoto se faga cargo a **Cátedra**. A tal fin deixamos en reserva un pequeno remanente.

Ademais de esta excelente noticia, un dos obxectivos prioritarios da *Cátedra Valle-Inclán*, desde que os Herdeiros Valle-Inclán/Alsina lle confiaron ao noso Grupo de investigación o estudo e edición, en edicións facsimilares, do Legado Manuscrito de Valle-Inclán, depositado na USC (20-11-2009), é velar pola súa conservación e, en segundo lugar, contribuír á súa difusión en ámbitos nacionais e internacionais.

1. Unha das principais preocupacións relativas a este excepcional fondo documental é garantir a súa conservación. O primeiro paso, tal como se explicou na memoria precedente, foi buscar os medios idóneos para acondicionar o fondo documental, tarefa da que se encargou a BX.
2. Tal como anunciamos na memoria precedente, o segundo paso era proceder á dixitalización profesional da totalidade do Legado Valle-Inclán/Alsina, que levou acabo UNIDIXITAL (febreiro-xuño 2012), cun custo de 7.309 euros, que non puido asumir a **Cátedra**. No seu lugar, fíxose cargo o Proxecto de Investigación, subvencionado polo MEC (2011-2014), do que é I.P. a abaixo asinante. En total, compútanse 14.618 imaxes dixitalizadas en recto e verso, que permiten unha lectura fiable dos textos e serven, sobre todo, para as futuras edicións facsimilares das obras do escritor, xa que se fixo na mellor das calidades: en formato tif e jpg, para evitar no posible a manipulación dos orixinais. As imaxes dixitalizadas foron rexistradas cunha marca de auga, tarefa da que se encargou a

Secretaría Técnica da **Cátedra**, que imposibilita a súa utilización para calquera fin que non estea autorizado directamente pola dirección da **Cátedra**.

3. Polo que se refire á difusión en foros especializados do Legado Valle-Inclán/Alsina, este ano foi, neste sentido, fecundo.

Co precedente inmediato do Congreso compostelán antedito (2011), no que se fixo a pormenorizada presentación do Legado, a Directora da **Cátedra** foi convidada o 27 de xaneiro a impartir un seminario no ITEM (Institut des Textes et Manuscrits Modernes) de París, titulado “Editar a Valle-Inclán: del manuscrito al impreso”, no marco do Seminario “Manuscritos Hispánicos” (dir. Fatiha Idmhand & Bénédicte Vauthier), o centro máis importante adicado ao estudo dos manuscritos literarios contemporáneos. Desda invitación xurdíu una nova, esta vez a participar, xunto con dúas das integrantes do Grupo de Investigación Valle-Inclán, no *Workshop Digital Text / Genetic Document. Text Encoding Initiative and Genetic Edition* (Berna, 3-7 de setembro de 2012), no que se deron cita especialistas de primeira liña no tratamento dixital de manuscritos contemporáneos, tendo a oportunidade de acudir a talleres prácticos de Text Encoding Initiative (Codificación de textos manuscritos), impartidos pola Dra. Elena Pierazzo, do King’s College of London. Os promotores fixéronse cargo de todos os gastos de Santos Zas, mentras que os gastos das dúas participantes –Francisca Martínez e Adriana Abalo- se financiaron por outros medios.

Pola súa parte, Amparo de Juan presentou unha comunicación no Congreso Internacional “La retaguardia literaria en España (1900-1936)”. Dépt. de Langues et Littératures Romanes, Université de Liège, Bélxica, 7-9 mayo de 2012 [Actas en prensa].....” (Lieja), o seu estudo do borrador autógrafo de “El Beato Estrellín”, unha complexa traxedia inédita e inacabada do escritor. Tampouco supuxo carga económica alguna para a **Cátedra**, xa que se afrontou con outros medios.

Estas e outras intervencións recóllense en monografías/colectáneas ou revistas especializadas, que saíron do prelo no 2012.

### **3.- Portal da “Cátedra Valle-Inclán” na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (BVMC):**

A creación do Portal Institucional Cátedra Valle-Inclán (<http://www.cervantesvirtual.com/portal/catedravalleinclin/>), segue a ser un medio de difusión dos nosos fondos documentais e gráficos, descritos na Memoria correspondente ao ano de inauguración do portal (2009). Deste Portal deriváronse consultas específicas por parte de investigadores doutras universidades relativos aos nosos fondos documentais.

### **4.- Edición del *Anuario Valle-Inclán XII/Anales de la Literatura Española Contemporánea* (37/3, 2012):**

Editouse este ano un novo volume do *Anuario Valle-Inclán* (2012), que se prepara integramente na nosa Universidade, editado por a Society of Spanish and Spanish American Studies, con sede na Temple University (Philadelphia), que asume todos os custos de edición e distribución. O *Anuario Valle-Inclán*, baixo a dirección de Luis González del Valle e Margarita Santos Zas, cumpriu 12 anos de andaina. Neste último, coma nos anteriores, colabora o noso Grupo nas seccións de artigos, documentación, recensións críticas e bibliografía, de xeito que os investigadores máis novos teñen a oportunidade de avanzar na súa investigación, publicando nunha das revistas máis prestixiosas (*ALEC*) do hispanismo internacional. Recolle tamén este volume a reseña crítica de Bruce Swansey (Trinity College) do libro, *Iconos de la tiranía: la recepción crítica de Tirano Banderas* (2011), editado na nosa colección.

Tampouco gravou sobre a **Cátedra** a publicación do *Anuario Valle-Inclán* (non supón custos de edición ou distribución, asumidos pola Society of Spanish and Spanish American Studies, que o edita), nen sequera aqueles que xera o correo postal, que este ano se derivaron ao proxecto subvencionado polo MEC, xa que o Departamento, que se facía cargo deles, tampouco puido asumilos.

### **5.- Colaboración con institucións ou organismos galegos:**

A **Cátedra** segue a colaborar con outras entidades adicadas á figura e obra de Valle-Inclán, tal como o Museo de A Pobra do Caramiñal, a Asociación de Amigos de Valle-Inclán e a Fundación Valle-Inclán, estas dúas últimas, responsables da edición da

Revista *Cuadrante*, na que os membros da **Cátedra** veñen colaborando desde a súa creación.

## 6.- Outros datos complementarios:

Na páxina Web da **Cátedra Valle-Inclán** (<http://www.usc.es/gl/gobierno/vrrelins/catedras/valle-inclan/index.html>), actualizada semestralmente por Francisca Martínez, que desempeña as funcións da secretaría técnica da mesma, pode atoparse información completa dos integrantes (nómina e curricula) do GIVIUS, que colaboran e participan nas actividades xeradas pola **Cátedra Valle-Inclán** desde os seus inicios, de acordo con Convenio de creación da mesma. Na devandita páxina están expostos os obxectivos, actividades realizadas, publicacións colectivas, fondo documental e bibliográfico e proxectos da **Cátedra Valle-Inclán** da USC, que son complementarios e economicamente diferenciados dos realizados polo Grupo de Investigación Valle-Inclán (GIVIUS), que conta cun novo proxecto subvencionado polo MEC (convocatoria 2011) para o período 2012-2014 (FFI2011-24130): "La obra y el legado manuscrito de Valle-Inclán: edición y estudios críticos".

Cómpre salientar, asemade, o recoñecemento do noso Grupo de investigación (GI-1347, no catálogo da USC) como "Grupo de Referencia Competitiva con Potencial de Crecemento" pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), da Xunta de Galicia, para o periodo 2012-2015.

Tamén foi galardoado co premio Concepción Arenal 2012, o traballo de Rosario Mascato Rey, "Valle-Inclán, poeta moderno no canonizado", froito da súa tese de doutoramento, defendida en maio de 2012, baixo a dirección de Santos Zas.

## PROXECTOS E ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O ANO 2013

As previsións para a 2013 son:

1.- **Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán:** non son renunciábeis os custos asignados ás publicacións xa comprometidas e debo subliñar que a **colección propia** está a ser considerada non só de referencia nos estudos valleinclinianos, senón que desde o punto de vista editorial -ademais de cualificarse como unha colección modélica- é unha das máis rendíbeis coas que conta o noso Servizo de Publicacións.

1.1. Neste sentido, a nosa intención é a promoción da colección, xa tentada o pasado ano, que non se puido levar a termo. Dada a venda dos libros desta Biblioteca, as recensións moi eloxiosas publicadas en revistas especializadas e as solicitudes frecuentes que se nos fan por correo electrónico, planificamos pór en marcha un sistema de subscripción á colección da **Cátedra**. Avaliou esta proposta a dirección do noso Servizo de Publicacións, que considera a súa viabilidade e oportunidade, tendo en conta que a nosa colección estímase consolidada.

1.2. Publicacións previstas:

♦ **Edición facsímil:** *Valle-Inclán ...Con el alba. El cuaderno de Francia*, anunciada nas lapelas das últimas publicacións. Esta edición é a carta de presentación da colección de facsímiles autógrafos, do legado Valle-Inclán/Alsina, compromiso ineludible da **Cátedra** por convenio cos Herdeiros, o que supón que a **Cátedra Valle-Inclán** será pioneira na ampliación do *corpus* valleincliniano, engadíndolle obras, cuxa existencia era ignorada.

♦ Están igualmente comprometidos co noso Servizo de Publicacións os seguintes orixinais, anunciados xa nas lapelas das obras editadas, que, á vista das previsións, con toda probabilidade quedará relegada a súa edición para o 2014:

-Anxo Abuín González: *La palabra en los ojos o el alfabeto del movimiento. La dramaturgia de Valle-Inclán desde la estética del silencio.*

-Javier del Valle-Inclán Alsina: *Letras de estima (Catálogo de la biblioteca de Ramón del Valle-Inclán).*

2.- Está programada a viaxe Paris-Santiago-Paris e estancia en Santiago de Jorge

Devoto, propietario do manuscrito orixinal “Mi Bisabuelo”, que por Convenio, xestionado pola dirección da **Cátedra**, ten previsto depositalo na USC en febreiro de 2013. Con este novo autógrafo, que por vontade expresa do seu actual propietario, pasaría a ser no futuro propiedade da USC, incrementa o excepcional fondo manuscrito Valle-Inclán, que ten un especial valor patrimonial para a universidade compostelana.

3.-**Seminario Permanente**: se nos dous últimos anos se prescindiu da celebración do Seminario permanente Valle-Inclán, por razóns xustificadas, este ano 2013 temos o propósito de retomar esta iniciativa de carácter formativo, que xa este ano (7-11 xaneiro 2013) contou coa presenza da prof<sup>a</sup> Benedicte Vauthier para impartir un seminario sobre crítica xenética, aplicada a manuscritos literarios, invitación que financiou o proxecto de investigación. Pero temos intención de invitar ao traductor de *Tirano Banderas*, en colaboración coa Cátedra de Cultura Europea Jean Monnet.

#### 4.- Outras actividades programadas:

4.1. Edición do vol. XIII do *Anuario Valle-Inclán/ ALEC*, que non conleva nen sequera gastos de correo postal.

4.2. Continuar as colaboracións cos organismos e institucións habituais e todas aquelas que estimemos de interese para os nosos fins.

senon consolidar unha cantidade digna para a **Cátedra** que garanta, á marxe da procura doutras axudas, o desenvolvemento das actividades consolidadas e non impida ou free a programación das novas, tendo en conta o seu crecemento e a súa proxección internacional.

\*\*\*\*\*

Para rematar este informe, lembro con todo respecto ao Sr. Vicerreitor, que non é esta unha ocasión máis –que como parte dun ritual se repite ano tras ano–, para pedirlle unha sede digna e estable para a **Cátedra Valle-Inclán**, cuxa existencia todo o mundo, dado o volume de actividades que xera, dá por suposto. As xestións feitas neste sentido

na Facultade de Filoloxía, malia a reiterada boa vontade da actual Decana, non obtiveron resultado, sendo o Campus Norte e a Facultade propiamente dita a sede natural da Cátedra, pois é onde está a Biblioteca e os fondos documentais cos que traballamos. É ademais o sitio idóneo e lóxico para a celebración do Seminario permanente e o lugar onde preparamos o *Anuario Valle-Inclán*, que está vinculado de forma explícita ao noso Grupo. A ausencia dun lugar propio, desde onde xestionar e canalizar as actividades da **Cátedra** segue a ser o despacho da profesora Santos Zas na Facultade de Filoloxía, e unha sala do Departamento de Literatura Española, que compartimos 5 grupos de investigación (10 persoas). A falta de espazo, pois, na devandita Facultade e súa supeditación á futura ampliación da mesma, fai que a sede da **Cátedra** continúe a ser unha materia pendente.

Quixera subliñar, para rematar, que o legado orixinal e manuscrito do escritor, xestión que desde os seus inicios levou a Directora da Cátedra, que, por suposto, non aspira a ter máis compensación que a de ter conseguido un obxectivo soñado por calquera investigador, supón unha aportación importante ao patrimonio da USC, pois non existe un legado de semellantes características e valor académico e económico e teño que dicir con tristura e certo estupor, que nada disto tivo o reflexo agardado nas reiteradas peticións da **Cátedra**, que multiplicou esforzos para acadar os seus proxectos, nen tan sequera nos informes anuais, que en cada nova apertura de curso se len publicamente, nos que a **Cátedra** non mereceu nen unha sinxela mención en todos estes anos.

En Santiago, 31 xaneiro 2013



Asdo: Margarita Santos Zas  
Directora da Cátedra Valle-Inclán da USC